



**APRENDIZAXE DE IDIOMAS  
CERTIFICACIÓNS**

## 4. Aprendizaxe de idiomas

### 4.2. Certificacións

Existe toda unha serie de exames oficiais dos principais idiomas, para todos aqueles que buscan unha forma de certificar o seu nivel de coñecemento.

## CERTIFICADOS OFICIAIS DE IDIOMAS. EXAMES OFICIAIS DE IDIOMAS

### Requisitos

**Cambridge.** A Universidade de Cambridge dispoñe de exames acreditativos para cada un dos niveis do MECR onde se evalúan as competencias en comprensión e expresión oral e escrita: Key English Test (KET), Preliminary English Test (PET), First Certificate in English (FCE), Certificate in Advanced English (CAE), Certificate of Proficiency in English (CPE). Ademais, a Universidade de Cambridge propón tamén outros exames específicos como o Business English Certificate. Realízanse varias convocatorias ao longo do ano.

<http://www.cambridgeesol.org/spain/>

**TOEFL.** O Test of English as Foreign Language (TOEFL) proposto por ETS e o máis importante a hora de certificar os coñecementos desta lingua nos Estados Unidos. A súa realización é a través de ordenador, existindo tamén exames escritos que son menos comúns. Evalúase en escala nas 4 competencias previstas.

<http://www.ets.org/toefl>

**IELTS.** Exame moi reconecido a nivel Internacional, organizado polo British Council con axuda de Cambridge. Evalúase por escala nos 4 niveis de competencias de comprensión e expresión.

<http://www.ielts.org/>

### Lugar

**Goethe-Institut.** Organiza os exames oficiais de alemán de maior reconecemento internacional. O Goethe-Institut propón 14 certificados segundo os diferentes niveis. O único centro examinador en Galicia é o Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago.

O exame divídese en 4 módulos de 100 puntos cada un. Necesítanse o menos 60 para aprobar cada parte.

<http://www.goethe.de/ins/es/lp/esindex.htm>

### Prazos de solicitude

**PLE.** O Instituto Camoés propón 5 exames oficiais da lingua portuguesa (CIPL, DEPL, DIPL, DAPL, DUPL). En Galicia encargáse de realizar os exames o Centro de Lingua Portuguesa-Instituto Camoés de Vigo. Exame dividido en 4 partes de 25 puntos cada unha.

<http://www.fl.ul.pt/unidades/centros/caple/>

### Proceso de selección

**CELI.** A Università per Stranieri di Perugia expide os Certificados de Coñecemento da Lingua Italiana (CELI) que van desde o nivel 1 ao 5.

<https://www.unistrapg.it/>

**CILS.** A Università per Stranieri di Siena, pola súa parte, outorga os Certificados de Italiano como Lingua Estranxeira para cada un dos seis niveis do MECR.

<http://cils.unistrasi.it/>

### Duración e contía

**DELE.** O Instituto Cervantes realiza os exames oficiais do Diploma de Español como Lingua Estranxeira do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O DELE ten seis niveis, adaptados ao marco común europeo de referencia

<http://diplomas.cervantes.es/index.jsp>